



(/dspace/)

(http://www.ub.edu/web/ub/es/)

UNIVERSITAT DE
BARCELONA

(https://twitter.com/DD_UB) Dipòsit Digital de la Universitat de Barcelona (/dspace/) / Tesis Doctorals (/dspace/handle/2445/34657)
/ Tesis Doctorals - Departament - Filologia Romànica (/dspace/handle/2445/41656)



Por favor, use este identificador para citar o enlazar este documento: <http://hdl.handle.net/2445/41670>

Títulu:	O celtismo e a materia de Bretaña na literatura galega: Cara á construción dun contradiscurso histórico ficcional na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín.
Autor:	Lama López, María Xesús (/dspace/browse?type=author&value=Lama+L%C3%B3pez%2C+Mar%C3%ADa+Xes%C3%BAs)
Director:	Losada, Basilio, 1930- (/dspace/browse?type=author&value=Losada%2C+Basilio%2C+1930-) González Fernández, Helena, 1967- (/dspace/browse?type=author&value=Gonz%C3%A1lez+Fern%C3%A1ndez%2C+Helena%2C+1967-)
Materia:	Xosé Luís Méndez Ferrín (1938-) Celtisme Galícia Identitat col.lectiva Nacionalisme cultural

Fecha de publicación: 1-oct-2001

Publicado por: Universitat de Barcelona

Resumen: [glg] A literatura galega comeza o seu renacer no século XIX nun contexto de reivindicacions nacionalistas que é un eco do movemento que percorre toda Europa dende mediados do século XVIII. Ante a necesidade de xustificar a defensa dunha identidade colectiva diferenciada, imponse o proxecto de recuperar unha historia silenciada e terxiversada dende o grupo hegemónico con intención asimiladora e uniformizadora. Xorde así a través do discurso histórico a postulación da orixe celta do pobo galego, unha idea que funcionará como "mythomoteur" no que se fundamenta a formación discursiva nacionalitaria e que, dende o eido da ideoloxía, se transfíre inmediatamente á creación literaria adquirindo unha dimensión estética fundamental. Este mito ten unha eficacia interna extraordinaria para a formación do imaxinario colectivo galego e para a formación discursiva nacionalista, pois serve para proporcionar unha etnia de identificación -a dos pobos celtas- e, ó mesmo tempo, unha etnia de exclusión fronte á cal pode afirmarse o novo grupo, pois a Galicia celta érguese fronte ó resto da Península de orixe íbera. A creación do mito da orixe celta de Galicia parte do traballo dos primeiros historiadores que, no século XIX, comezaron a elaborar un discurso histórico partindo da premisa da existencia dunha comunidade cohesionada e diferenciada no territorio galego. O labor destes historiadores potenciárono os publicistas que difunden a súa obra na prensa e en traballos de divulgación, e so no último cuarto do século, cando o celtismo defendido por Vereá y Aguiar en 1838 está plenamente aceptado nos estudos históricos, esta idea encentra eco no discurso literario dun xeito decidido. Por este motivo considerouse necesario prestar atención nun capítulo inicial os estudos históricos que ían servir de base e inspiración os literatos e que nalgúns casos permiten entender as causas ou as orixes de determinados tópicos que señorearon durante décadas na representación da identidade colectiva de Galicia. Será obra de Eduardo Fondai (1835-1917) a que inaugure a representación literaria do mito celtista cunha evocación lírica dos tempos primitivos na que se recrea un sistema ideolóxico que recolle os postulados dos primeiros teóricos do galeguismo: o pobo galego debe tomar conciencia da existencia dun período de esplendor no pasado e so así será capaz de ganar a confianza no propio destino que lle permita actuar reivindicando os seus dereitos históricos. Despois dos ensaios de xustificar científicamente ñas obras históricas a orixe étnica diferenciada, o discurso literario aporta unha maior capacidade de difusión, ensaiada xa previamente a través das novelas en castelán de Benito Vicetto (1824-1878), e inicia un proceso de heteroxeneización do repertorio dominado polo modelo de inspiración popular instaurado polo texto fundacional dos "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro (1837-1885), a través da apropiación dun repertorio externo. Incorporando a tradición dos países celtas créase un novo modelo estético de alentó épico, que aspira á elaboración dunha literatura culta e elitista en galego. Vencellado ó tema do celtismo xorde, nunha segunda fase que se sitúa xa no século XX, o tema da materia de Bretaña como un intento de continuar coa ampliación do repertorio pola vía culta e, polo tanto, tomando como fonte os primeiros produtos escritos da cultura europea moderna, que se entenden dende o galeguismo como unha nova forma de desenvolvemento da tradición celta. A relativamente escasa conservación de textos medievais da Materia de Bretaña no ámbito galego-portugués, que se limita a traduccions da "Post-Vulgata" e un fragmento do "Libro de Tristan", ofrece un contraste considerable co éxito acadado por esta temática no seu rexurdir contemporáneo dentro do ámbito literario galego. Por iso, deixando á marxe as contadas testemuñas da prosa galego-portuguesa, de difícil acceso para a maioría dos escritores modernos que se interesaron polo tema ata mediados do

século XX, este estudio centrarase nas apropiacions e reinterpretacións deste corpus temático realizadas dende a literatura galega moderna que se inician coa obra que Ramón Cabanillas comeza a publicar en 1921. A proposta contida no título deste traballo co uso do epígrafe "literatura galega" remite a unha fase contemporánea da nosa cultura, fronte á fase común representada pola "literatura galego-portuguesa" medieval, pois é comunmente aceptado que xa está consolidado o proceso de diferenciación das dúas culturas nacionais - galega e portuguesa- iniciado coa decadencia da cultura medieval e intensificado polo distanciamento de Portugal respecto as terras do norte debido á súa autonomía política e á súa expansión territorial cara ó sur. O obxectivo deste estudio é dilucidar os modos de utilización da tradición celta e artúrica e a evolución deste novo modelo en función da evolución do papel da literatura na definición da identidade e das necesidades de renovación do repertorio. Para afrontar estas cuestións resultan especialmente interesantes as propostas formuladas dende a etnopoética (Benamou, 1977) en canto á consideración do discurso literario como espacio conflictivo, de resistencia simbólica fronte á hexemonía dos valores das sociedades dominantes. A tradición cultural que se inicia en Galicia eos poetas do Rexurdimento e se consolida a comezos do século XX coas Irmandades da Fala e a Xeración Nós asigna á literatura un papel fundacional na produción e configuración da conciencia colectiva, así como na reivindicación dunha identidade marxinada e en proceso de desintegración a causa da presión dun sistema hegemónico homoxeneizador. A reapropiación da memoria histórica será o tema central do discurso étnico, partindo dunha relación dialéctica entre pasado e futuro dende a que se afirma a necesidade dun imaxinario social alternativo.

URI: <http://hdl.handle.net/2445/41670> (<http://hdl.handle.net/2445/41670>)

ISBN: 9788469359556

Aparece en Tesis Doctorals - Departament - Filologia Romànica (/dspace/handle/2445/41656)
las
colecciones:

Archivos de este documento:

Archivo	Descripción	Dimensiones	Formato
---------	-------------	-------------	---------

01.MJLL_1de4.pdf (/dspace/bitstream/2445/41670/1/01.MJLL_1de4.pdf)	7.41 MB	Adobe PDF	Mostrar/Abrir (/dspace/bitstream/2445/41670/1/01.MJLL_1de4.pdf)
02.MJLL_2de4.pdf (/dspace/bitstream/2445/41670/2/02.MJLL_2de4.pdf)	7.39 MB	Adobe PDF	Mostrar/Abrir (/dspace/bitstream/2445/41670/2/02.MJLL_2de4.pdf)
03.MJLL_3de4.pdf (/dspace/bitstream/2445/41670/3/03.MJLL_3de4.pdf)	8.34 MB	Adobe PDF	Mostrar/Abrir (/dspace/bitstream/2445/41670/3/03.MJLL_3de4.pdf)
04.MJLL_4de4.pdf (/dspace/bitstream/2445/41670/4/04.MJLL_4de4.pdf)	5.36 MB	Adobe PDF	Mostrar/Abrir (/dspace/bitstream/2445/41670/4/04.MJLL_4de4.pdf)

[Mostrar el registro completo del documento \(/dspace/handle/2445/41670?mode=full\)](/dspace/handle/2445/41670?mode=full)

Este documento tiene todos los derechos reservados